



CORESMA 2027

Unidos
**VENCEREMOS
Á FAME**

Caderno de actividades para
nenos e nenas e familias



Todas as persoas somos responsables da marcha do mundo.
Só atopándonos, dialogando e colaborando en alianza
podemos facer comunidade e construír a fraternidade!

Manos Unidas

**Que ves nesta foto?
Como a relacionas coa frase?**

**Como dialogas e colaboras na casa,
no cole e cos veciños?**

Manos Unidas
CAMPAÑA CONTRA EL HAMBRE



Día do Xaxún Voluntario

Venres, 12 de febreiro de 2027

Xornada Nacional de Manos Unidas

Domingo, 14 de febreiro de 2027



ORACIONES DE CORESMA



I Semana

Señor Xesús, as tentacións ensínnanos a valorar o verdadeiramente importante, que non é nin a riqueza, nin a popularidade, nin o ser máis que os demais. Axúdanos a descubrir e a apreciar a cada persoa como é, co que pode achegar para construír unha comunidade, que é o fundamental.

II Semana

Xesús, queremos recoñecerte como o Señor, o Fillo de Dios. Que o noso corazón, como o teu, abrace a todos os pobos e nacións da terra para que saibamos descubrir o ben e a beleza que sementas en cada persoa.

III Semana

Señor Xesús, queremos dar bo froito. Sabemos que traballando cos demais poderemos facer o mundo máis xusto. Ensínanos a importancia da cooperación e da alianza, como a que o teu Pai e Ti fixestes con toda a humanidade.

IV Semana

Querido Xesús, a parábola do fillo pródigo chámase tamén do pai bo e misericordioso. Así é Dios, O teu Pai. Queremos ser acolledores, dialogar, escoitar, perdoar e non xulgar para poder vivir con amor e alegría.

V Semana


Señor Xesús, ás veces o noso corazón non sabe perdoar nin na familia, nin cos amigos, nin na comunidade. A ti que es perdón e misericordia, e que sempre estás ao noso lado, pedímosche que enchas o noso corazón de amor, perdón e alegría.

Domingo de Ramos

Querido Xesús, recoñécemoste como o Señor, por iso, queremos encomiarte, seguirte cos ramos no alto e facer o que ti nos ensinas: ser todos irmáns para facer un mundo mellor. Axúdanos a traballar polo reencontro, o diálogo, a xustiza e a paz.

BENDICIÓN DA MESA

Señor Xesús, ao redor da mesa, dámosche grazas. Ti ensínasnos a vivir en comunidade. Ti vivías cos teus discípulos e compartías as alegrías, as esperanzas e as dificultades. Axúdanos a ser como Ti, que camiñemos unindo as nosas mans, traballando por un mundo mellor e dando grazas por todos os dons que nos dás.





PALABRAS OCULTAS

Para construír un mundo mellor
Que CATRO palabras chave pódennos axudar?

HJGMCOLABORACIONQHCTFRATERNIDADEWXALIANZAYZGHSOLIDARIEDADEZVQP

ADIVÑA, ADIVÑA

O encontro e a colaboración cos demais é o camiño
para facer un mundo mellor, máis xusto e feliz.
Poñendo as letras que corresponden, segundo o abecedario,
atoparemos a frase que queremos transmitir nesta Coresma.



22 20 12 19 14 18


15 14 4 5 11 14 18

3 1 11 2 9 1 17

14 11 20 12 4 14

BUSCAR AS DIFERENZAS

Nas seguintes fotos, hai unha de colaboración
e outra de egoísmo/ individualismo.
Podes identificalas? En que se diferencian?
Que cres que é mellor? Por que?



SOLUCIONS:
Palabras ocultas: SOLIDARIEDADE, FRATERNIDADE, ALIANZA E COLABORACIÓN
Adivña, adivña: XUNTOS PODEMOS CAMBIAR O MUNDO

HISTORIAS DE SOLIDARIEDADE



India

Chámome **Aisha**, que quiere dicir "viva, chea de vitalidade". O meu pobo está no Bloque Sam, unha zona desértica da India, onde apenas chove e a auga subterránea está moi profunda, polo que é moi difícil atopar auga boa para beber, cociñar, lavarnos ou cultivar.

Grazas aos Servizos Sociais da diocese de Ajmer, en colaboración con Manos Unidas e cunha empresa española de construción, 3.500 persoas melloramos a vida, recollendo e coidando a auga de choiva.

Por que cres que foi importante a colaboración para conseguir auga na vila de Aisha?



Tanzania

Son **Adil**. O meu nome significa "xusto". Vivo en Tanzania. Aquí as mulleres ocúpanse de sementar e coidar os cultivos con técnicas tradicionais e ferramentas moi básicas. Crearon a Cooperativa Pamoja Tunaweza Sadini Amcoms LTD, que se traduce: "Xuntos podemos" en swahili, o meu idioma.

Coa colaboración de Manos Unidas e unha empresa española conseguíuse un tractor e dous trilladoras, o que mellorou a produción e a alimentación das familias.

Que che parece que significa o nome da cooperativa e como conseguiu cambiar as cousas?

Perú

O meu nome é Mariana e vivo na selva do Perú. Alí cada vez queda menos bosque porque se están tallando árbores e abrindo minas de forma ilegal. A Comisión Episcopal de Acción Social peruana e varias institucións europeas, entre elas, Manos Unidas, asociáronse en catro redes de colaboración.

Con elas trátase de mellorar a convivencia, a participación e as condicións de vida de todas as persoas.

**Que quiere dicir crear redes de colaboración?
Que importancia tivo para lograr mellorar a vida das comunidades?**

